



GUÍA DE RECURSOS FRENTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA

#RedescubriendoGalicia

XUNTA DE GALICIA

EDITA: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral de Igualdade. Xunta de Galicia.

DESEÑO E CONTIDOS: Libre Expresión de Medios de Galicia SL

IMPRIME: ALVA GRÁFICA

DEPÓSITO LEGAL: C-173-2020



REDES
CUBRINDO
GALICIA

GUÍA DE RECURSOS FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA
#RedescubriendoGalicia

XUNTA DE GALICIA

PRESENTACIÓN



A violencia xénero constitúe un problema social de primeira orde que dende as institucións públicas temos a obriga de abordar e facer fronte por todos os medios posibles. Trátase dunha violencia estrutural con múltiples vertentes, nas que o asasinato é so a expresións máis visible, existindo outras moitas manifestacións da violencia machista que ás veces son invisibilizadas ou nin sequera se perciben como tales. O coñecemento dos recursos existentes a disposición das vítimas e das súas fillas e fillos é clave para lograr un acceso igualitario aos mesmos e para mitigar, na medida da posible, as terribles situacións que a violencia de xénero orixina.

Esta Guía pretende achegar información dos recursos existentes en Galicia no eido da violencia de xénero a calquera persoa ou entidade interesada, así como facilitar e axilizar o traballo das e dos profesionais que na nosa comunidade acompañan a apoian ás mulleres que sofren violencia de xénero, concentrando nunha única ferramenta a descrición dos servizos e programas e os contactos das entidades que na comunidade autónoma integran a rede de apoio a vítimas.

Nesta Guía poden atopar información sinxela e directa dos recursos existentes nesa rede galega de apoio, clasificados segundo a área de que se trate: psicolóxica, social, xurídica, económica, laboral, etc. Tendo en conta que os casos de violencia machista requiren dunha intervención rápida e eficaz, lembre ademais que os recursos incluídos nesta Guía están tamén xeoreferenciados na páxina web da Xunta de Galicia, cun mapa de localización dispoñible na opción “Eservizos: Servizos no mapa”: <https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>

Agardamos que a guía sexa de utilidade para quen precise do seu uso, sinalando que na Xunta de Galicia seguiremos traballando na construción dunha sociedade igualitaria, democrática e máis xusta. Unha sociedade libre de violencia machista.



1 SENSIBILIZACIÓN

2 FORMACIÓN

3 EDUCACIÓN

4 PROTECCIÓN E ASISTENCIA

5 ÁMBITO XUDICIAL

6 APOIO E PROTECCIÓN

7 ÁMBITO DO EMPREGO

REDES CUBRINDO GALICIA

8 CARÁCTER ECONÓMICO

Actuando | Implicando | Apoiando

9 PROTECCIÓN E
ASISTENCIA INTEGRAL

10 MEDIDAS

ÍNDICE



1. RECURSOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL

- 1.1 SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
- 1.2 ATENCIÓN TELEFÓNICA
- 1.3 REDE GALEGA DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES: CIM
- 1.4 CENTRO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO: CRI
- 1.5 SERVIZO DE TELETRADUCCIÓN
- 1.6 ATENCIÓN XURÍDICA ONLINE
- 1.7 APLICACIÓNS PARA TELÉFONOS MÓBILES: APP

2. RECURSOS DE APOIO E ATENCIÓN PSICOLÓXICA

- 2.1 ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, ÁS SÚAS FILLAS E FILLOS E OUTRAS PERSOAS DO CONTORNO FAMILIAR
- 2.2 ATENCIÓN PSICOLÓXICA DE EMERXENCIA
- 2.3 QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA
- 2.4. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CASOS DE VIOLENCIA SEXUAL
- 2.5. PROGRAMA TERAPÉUTICO PARA HOMES: ABRAMOS O CÍRCULO

3. RECURSOS DE APOIO SOCIAL

- 3.1 QUENDA DE GARDA SOCIAL

3.2 SERVIZO DE ACOMPAÑAMENTO A ORFOS/AS POR CRIMES DE VIOLENCIA DE XÉNERO

3.3 ESTADÍAS DE TEMPO LIBRE

3.4 CAMPAMENTOS DE VERÁN

3.5 RESIDENCIAS XUVENÍS

4. RECURSOS DE ALOXAMENTO

4.1 REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO

4.2 TRASLADO AOS CENTROS DE ACOLLIDA - FEGATAXI

4.3 BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

5. AXUDAS ECONÓMICAS XUNTA DE GALICIA

5.1 PPRESTACIÓNS PERIÓDICAS

5.2 AXUDAS DE PAGAMENTO ÚNICO

5.3 FONDO GALEGO DE GARANTÍA INDEMNIZACIÓN

5.4 AXUDAS ECONÓMICAS A MULLERES GRAVEMENTE FERIDAS POR CAUSA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

5.5 AXUDAS ECONÓMICAS A ORFOS E ORFAS MENORES DE 30 ANOS

5.6 RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA-RISGA

5.7 EXENCIÓN NAS TAXAS DE MATRÍCULA UNIVERSITARIA

5.8 GRATUIDADE NOS COMEDORES ESCOLARES

6. OUTRAS AXUDAS ECONÓMICAS

- 6.1 RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO (RAI)
- 6.2 ANTICIPOS POR NON PAGAMENTO DE PENSIÓNS ALIMENTICIAS
- 6.3 AXUDAS ÁS VÍTIMAS DE DELITOS VIOLENTOS E CONTRA A LIBERDADE SEXUAL

7. RECURSOS DE APOIO Á INSERCIÓN LABORAL

- 7.1 PROGRAMA FOMENTO DA CONTRATACIÓN
- 7.2 PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL
- 7.3 PROGRAMAS DE COOPERACIÓN
- 7.4 SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

8. RECURSOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE

- 8.1 SERVIZO ATENPRO
- 8.2 FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO

9. RECURSOS NO ÁMBITO XUDICIAL

- 9.1 OFICINAS DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA E ÁS VÍTIMAS- OAVD
- 9.2 ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA
- 9.3 PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR
- 9.4 COMPARECENCIA DA XUNTA DE GALICIA NOS PROCEDIMENTOS PENAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO

10. RECURSOS PARA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA DE SERES HUMANOS CON FINES DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

10.1 PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL

10.2 VIVENDAS DE SEGURIDADE

11. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

11.1 PROTOCOLO DE ACCESO Á REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

11.2 PROTOCOLO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

11.3 PROTOCOLO COMÚN PARA A ACTUACIÓN SANITARIA ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO

11.4 PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)

11.5 PROTOCOLO DE DERIVACIÓN ENTRE AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PARA A COORDINACIÓN DÁS SÚAS REDES DE CENTROS DE ACOLLIDA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E DOS SEUS FILLOS E FILLAS

11.6 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO ÁS VÍTIMAS DE TRATA CON FINES DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

11.7 GUÍA DE ACTUACIÓN COORDINADA CONTRA O MALTRATO DE PERSOAS MAIORES OU CON DISCAPACIDADE

11.8 GUÍA DE ACTUACIÓN ANTE CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO EDUCATIVO

11.9 PUNTO DE COORDINACIÓN DE ORDES DE PROTECCIÓN (PCOP)



REDES
CUBRINDO
GALICIA

Actuando | Implicando | Apoiando

GUÍA DE RECURSOS FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA

1. RECURSOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL

1.1 SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE. XUNTA DE GALICIA

Descrición:

Departamento da Xunta de Galicia dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e que ten coma obxectivo promover e avanzar na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e promover programas e recursos de prevención e erradicación da violencia de xénero

Información e acceso:

Edificio administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

Tel: 981 957 691 981 545 351

Correo electrónico: igualdade@xunta.es

<http://igualdade.xunta.gal/gl>

1.2 ATENCIÓN TELEFÓNICA: 900400273

Descrición:

Teléfono de carácter gratuito e anónimo que funciona as 24 horas do día durante os 365 días do ano. Ofrece información especializada de interese para a muller, sobre recursos, prestacións sociais dispoñibles, requisitos de acceso, dereitos, etc, no eido da igualdade e a violencia machista, e orientándoas cara a outros servizos en caso de ser necesario.

Información e acceso: 900 400 273, dispoñible as 24 horas

Se queres trasladar o teu caso de xeito CONFIDENCIAL, tes dúbidas sobre se o que che sucede é violencia ou queres asesorarte, chama. Neste servizo asesorante, escoitarante e informante sobre os dereitos e servizos a túa disposición.

1.3 REDE GALEGA DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES: OS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIMS)

Descrición:

Son recursos permanentes en máis de 80 concellos galegos , a partir dos cales se artella unha intervención global dirixida ás mulleres. Contan con profesionais especializadas e prestan atención PRESENCIAL. Ofrecen asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional ou sociolaboral, así como calquera outra información dirixida a conseguir unha igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Información e acceso:

En Galicia existen actualmente 82 CIM s, 29 en A Coruña, 11 Lugo, 15 Ourense, e 27 Pontevedra. Neste enderezo electrónico accedes aos datos de contacto de cada CIM:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

Tamén podes contactar cos teléfonos 981 95 76 91 ou 981 54 53 51

1.4 CENTRO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XENERO (CRI)

Descrición:

Ten por finalidade desenvolver un modelo de atención integral para as mulleres vítimas de violencia de xénero e as persoas delas dependentes, especialmente as súas fillas e fillos. Este centro da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, situado en Santiago , ten como obxectivo principal o desenvolvemento dun modelo de atención integral para mulleres vítimas de violencia de xénero e para as súas fillas e fillos menores, baseada nun sistema coordinado de servizos e recursos.

Información e acceso:

O acceso ao CRI realízase a través dun protocolo de derivación no que as mulleres (e menores) poden ser derivadas dende diferentes puntos (CIMS, servizos sociais, sanitarios, xudiciais etc). Información na páxina <http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centro-de-recuperacion-integral-para-mulleres-vitimas-de-violencia-de-xenero-cri-0> e no teléfono 881 995285

1.5 SERVIZO DE TELETRADUCIÓN

Descrición:

É un Servizo de teletradución a 51 idiomas ofertado pola Secretaría Xeral da Igualdade aos Centros de información ás mulleres (CIM), centros de acollida e ONG´s que colaboran no desenvolvemento do Programa de atención a vítimas de trata

O teléfono de información ás mulleres ofrece unha atención en 51 idiomas e con acceso a persoas xordas.

Información e acceso:

900 400 273 ou en cada un dos recursos dos sinalados arriba

1.6 ASESORAMENTO XURÍDICO ONLINE

Descrición:

Servizo de apoio online para proporcionar de xeito gratuito e anónimo, información e asesoramento xurídico sobre diversas cuestións, entre elas violencia de xénero, agresións e abusos sexuais, acoso sexual, conciliación familiar, discriminacións por razón de sexo, prostitución e trata, etc.

Información e acceso:

Dispoñible a través da páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade cubrindo un formulario.

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/asesoramento-xuridico-line>

1.7 APLICACIÓNS PARA TELÉFONOS MÓBILES: APPS

1.7.1 Aplicación EscApp

Descrición:

Aplicación da Secretaría Xeral da Igualdade en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría informática de Galicia que ten por obxecto achegar información de utilidade ás mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero e a todas as persoas que poidan axudar a rematar con este tipo de situacións.

Información e acceso:

Descarga libre a gratuíta a través do móbil. Telf: 981 999 826 ou 981 545 351

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/aplicacion-es-capp>

1.7.2 Aplicación Agresión OFF

Descrición:

Aplicación institucional da Xunta de Galicia con información útil e consellos para evitar e previr agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información.

Información e acceso:

Descarga libre a gratuíta a través do móbil.
Telf: 981 999 826 ou 981 545 351

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/app-de-agresion>



2. RECURSOS DE APOIO E ATENCIÓN PSICOLÓXICA

2.1 ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, ÁS SÚAS FILLAS E FILLOS E A OUTRAS PERSOAS DO CONTORNO FAMILIAR

Descrición

O servizo de apoio psicolóxico ofrece intervención profesional tanto para as mulleres como as persoas ao seu cargo, e a outros membros da familia. Ten como finalidade mellorar as capacidades e a autonomía da persoa para superar as consecuencias xeradas polo maltrato.

Ademais, tamén está dirixido a construír as capacidades que promovan a inclusión da vítima nos ámbitos familiar, social, laboral e escolar.

Este servizo ten como obxectivo axudar a minimizar o dano que ocasionou a violencia sufrida, afrontar o procedemento e acompañar a vítima durante todo o proceso xudicial. O Programa artéllase a través dunha rede de profesionais repartidos/as por todo o territorio galego e apoiada nun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Igualdade e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

Información e acceso:

Acceso a través dos CIM, servizos sociais, servizos sanitarios etc., e no Tel 629 777 595

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/atencion-psicologica-vitimas-de-violencia-de-xenero>

2.2 ATENCIÓN PSICOLÓGICA DE EMERXENCIA

Descrición

Atención psicolóxica especializada de emerxencia, en domicilio ou outro lugar sinalado, para os casos máis graves ou con resultado de morte por violencia de xénero.

Información e acceso: Activación a través do 112 Emerxencias Galicia

Se te atopas en perigo CHAMA AO 112!. As Forzas e Corpos de Seguridade acudirán de inmediato e porán en marcha as medidas de protección e atención adecuadas ao teu caso

2.3 QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA

Descrición:

Quenda de garda psicolóxica, permanente e especializada, en violencia de xénero, á disposición das forzas e corpos de seguridade e do ámbito xudicial que poden activar o servizo en casos urxentes de violencia de xénero para apoio psicolóxico dende o primeiro momento de presentación da denuncia.

Información e acceso:

Directamente no 900 400 273 achegando a solicitude dispoñible na web <http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/programa-de-quenda-de-garda-psicoloxica-en-violencia-de-xenero>

2.4. INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CASOS DE VIOLENCIA SEXUAL

Descrición:

Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual para axudarlles a afrontar os desaxustes físicos, emocionais e relacionais que se producen como consecuencia desta violencia.

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 269 955 607 11 66 42 ou no enderezo electrónico: centropsicoterapia@meninos.org:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/programa-de-intervencion-terapeutica-con-mulleres-que-sufriron-violencia-sexual>

2.5. PROGRAMA TERAPÉUTICO PARA HOMES: "ABRAMOS O CÍRCULO"

Descrición:

Programa "Abramos o círculo": para facilitar información, atención psicolóxica especializada e apoio a homes que adoptan actitudes inadecuadas e violentas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, co seu círculo social e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

Información e acceso:

No teléfono 630 170140

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/abramos-o-circulo-programa-para-homes-con-problemas-de-control-de-violencia>



3. RECURSOS DE APOIO SOCIAL

3.1 QUENDA DE GARDA SOCIAL

Descrición

Quenda de garda social, permanente e especializada en violencia de xénero a disposición das forzas e corpos de seguridade e do ámbito xudicial que poden activar o servizo en casos urxentes de violencia de xénero para apoio social dende o primeiro momento de presentación da denuncia.

Información e acceso:

Directamente no teléfono 900 40 02 73 achegando a solicitude dispoñible na web <http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/programa-de-quenda-de-garda-social-en-violencia-de-xenero>

3.2 SERVIZO DE ACOMPAÑAMENTO A ORFOS/ AS POR CRIMES DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición

Ofrece acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos e apoio socio-educativo que precisen as fillas e fillos orfos menores de 30 anos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, así como as persoas que asuman a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente, no caso de menores de 18 anos.

Información e acceso:

Activación a través do 112 Emerxencias Galicia

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 545 361 ou 981 957 268

3.3 ESTADÍAS DE TEMPO LIBRE

Descrición:

Programa da Secretaría xeral da Igualdade, de estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas, con prazas preferentes para as mulleres que sufriran violencia de xénero. Busca facilitar ás mulleres que teñan fillas ou fillos menores exclusivamente ao seu cargo. Un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer. Os gastos de aloxamento, manutención, monitoras e transporte desde o seu concello de orixe son gratuítos para as persoas beneficiarias.

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 54 53 61 ou 981 95 72 68
Ver bases reguladoras e convocatoria anual

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas>

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/estadias-de-tempo-libre-para-mulleres-soas-con-responsabilidades-familiares-non-compartidas-3>

3.4 CAMPAMENTOS DE VERÁN

Descrición:

As menores e os menores dependentes de mulleres vítimas de violencia de xénero que residen ou residiron nos últimos anos nalgún centro de acollida teñen a posibilidade preferente de participar nos campamentos xuvenís organizados pola Xunta de Galicia, a través dunha reserva específica de prazas, de maneira que rapaces e rapazas empreguen o seu tempo libre vacacional participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

Información e acceso:

Nos teléfonos 98154 56 96 e 981 54 49 26

3.5 RESIDENCIAS XUVENÍS

Descrición:

Anualmente convócanse prazas de persoas colaboradoras-bolseiras para residencias xuvenís dependentes da Xunta de Galicia. Os criterios de selección que se teñen en conta para estas prazas son, entre outros, as mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen.

Tamén se convocan prazas nas residencias xuvenís para cada curso, das que un 9 % resérvase para casos de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen

Información e acceso:

Nos teléfonos 881 88 12 36, 982 29 43 46, 988 38 61 12 ou 986 81 70 48

#Redes
cubriendo
Galicia

4. RECURSOS DE ALOXAMENTO

4.1 REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO

Descrición

Composta polos Centros de acollida existentes en Galicia e situados en diferentes concellos; Son recursos especializados, residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo cando precisen dun espazo seguro por razóns de seguridade. Ofrecen ademais atención psicolóxica, xurídica e apoio social.

Información e acceso:

Derivación dende Forzas e Corpos de Seguridade, CIMs, servizos sociais, sanitarios, xudiciais etc.
Teléfonos 673.282.392 ou **900 40 02 73**

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/rede-galega-de-acollemento>

4.2 TRASLADO AOS CENTROS DE ACOLLIDA - FEGATAXI

Descrición

Servizo para o traslado das mulleres e menores vítimas de violencia de xénero a centros de acollida cando for preciso e cando as circunstancias imposibiliten o seu traslado por outros medios.

Información e acceso:

O órgano que realice a derivación ao centro de acollida, mediante a utilización dun modelo de solicitude normalizado dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/traslados-de-casos-de-violencia-de-xenero-aos-centros-de-acollida>

e a través dos teléfonos 981 95 74 82, 981 54 53 67 ou **900 40 02 73**

4.3 BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

Descrición:

Destinado ás vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda. Ten carácter anual e son 12 bonos mensuais susceptibles dun máximo de dúas prórrogas sucesivas de 12 meses cada unha. Os importes varían entre 175€, 200€ ou 225€ mensuais, segundo a localidade onde estea situada a vivenda. Ademais existe unha axuda complementaria para atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións de 600€.

Información e acceso:

Nas Xefaturas Territorias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

Ver bases reguladoras de cada ano
<http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/923>

Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo da CORUÑA

Praza de Luis Seoane, s/n
15008 Coruña, A
Teléfono: 881 999 022

Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de LUGO

Avda. Ramón Ferreiro 28
27071 Lugo
Teléfono: 982 294 602

Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de OURENSE

Rúa Sáenz Díez, 1
32071 Ourense
Teléfono: 988 386 233

Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de PONTEVEDRA

Rúa Alcalde Hevia 7
36071 Pontevedra
Teléfono: 986 805 610



5. AXUDAS ECONÓMICAS XUNTA DE GALICIA

5.1 PRESTACIÓNS PERIÓDICAS

Descrición

Axudas económicas de carácter periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero previstas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo. O obxectivo destas axudas é proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirles condicións suficientes de independencia económica con respecto ao agresor, condicións que lles permitan dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que se atopan en perigo.

A axuda consiste nunha cantidade económica de carácter periódico, destinada directamente á beneficiaria, de ata un máximo de 12 mensualidades. O importe da axuda varía entre 200 e 800 € / mes dependendo dos ingresos da beneficiaria, do número de fillos e fillas menores, circunstancias de discapacidade etc.

Información e acceso:

Na Secretaría xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, de Administracións Públicas e Xustiza: teléfonos 881 99 91 64 ou 981 95 76 99

Ver bases reguladoras e convocatoria anual.

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/axudas-periodicas-para-mulleres-que-sofren-violencia-de-xenero-ano-2020>

**Secretaría xeral da
Igualdade**

Edificio administrativo de
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Com-
postela
Teléfonos 881 99 91 64
ou 981 95 77 84

**Unidades de Igualdade
da Secretaría xeral
da Igualdade da Xunta
de Galicia**

**Unidade de Igualdade
da CORUÑA**

R/ Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña
Teléfono: 881 88 12 54

**Unidade de Igualdade
de LUGO**

Ronda da Muralla, 70 -
27071 Lugo Teléfono:
982 29 43 55

**Unidade de Igualdade
de OURENSE**

Avda. da Habana, 79
32071 Ourense
Teléfono: 988 38 67 99

**Unidade de Igualdade
de VIGO**

R/ Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
Teléfono: 986 81 76 58

5.2 AXUDAS DE PAGAMENTO ÚNICO

Descrición

Trátase dunha axuda económica dirixida a mulleres vítimas de violencia de xénero que teñan con especiais dificultades para obter un emprego. Prevista no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. A axuda consiste nunha cantidade económica que se percibe nun único pagamento cuxo importe por norma xeral equivale a 6 meses de subsidio por desemprego pero pode acadar o importe de 12 ou 18 meses de subsidio se a beneficiaria ten menos a cargo, circunstancias de discapacidade etc.

Información e acceso:

Na Secretaría xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia de Administracións Públicas e Xustiza. Teléfono 981 545 373

Ver bases reguladoras e convocatoria anual.

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/axuda-de-pago-unico-e-indemnizacion-para-mulleres-vitimas-de-violencia-de-xenero-ano-2020>

Secretaría xeral da Igualdade

Edificio administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfonos 881 99 91 64
ou 981 95 77 84

Unidades de Igualdade da Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

Unidade de Igualdade da CORUÑA

R/ Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña
Teléfono: 881 88 12 54

Unidade de Igualdade de LUGO

Ronda da Muralla, 70
27071 Lugo Teléfono: 982 29 43 55

Unidade de Igualdade de OURENSE

Avda. da Habana, 79
32071 Ourense
Teléfono: 988 38 67 99

Unidade de Igualdade de VIGO

R/ Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
Teléfono: 986 81 76 58

5.3 FONDO GALEGO DE GARANTÍA INDEMNIZACIÓN

Descrición:

Trátase dunha axuda económica para casos de sentenza xudicial firme polos danos e prexuízos causados pola violencia de xénero. Prevista no artigo 43 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Ata un máximo de 6.000 euros (nun único pagamento)

Información e acceso:

No teléfono 981 545 373.

Ver bases reguladoras e convocatoria anual

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/axuda-de-pago-unico-e-indemnizacion-para-mulleres-vitimas-de-violencia-de-xenero-ano-2020>

Secretaría xeral da Igualdade

Edificio administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfonos 881 99 91 64
ou 981 95 77 84

Unidades de Igualdade da Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

Unidade de Igualdade da CORUÑA

R/ Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña
Teléfono: 881 88 12 54

Unidade de Igualdade de LUGO

Ronda da Muralla, 70 -
27071 Lugo Teléfono:
982 29 43 55

Unidade de Igualdade de OURENSE

Avda. da Habana, 79
32071 Ourense
Teléfono: 988 38 67 99

Unidade de Igualdade de VIGO

R/ Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
Teléfono: 986 81 76 58

5.4 AXUDAS ECONÓMICAS A MULLERES GRAVEMENTE FERIDAS POR CAUSA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

A axuda ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización a mulleres que como consecuencia da situación de violencia sufrisen feridas graves que lle ocasionaran hospitalización. Importe de 7.000 euros (nun único pagamento)

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 545 361 ou 981 957 268
Ver bases reguladoras e convocatoria anual

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/indemnizacion-economica-para-fillas-e-fillos-menores-de-30-anos-de-vitimas-mortais-por-0>

Secretaría xeral da Igualdade

Edificio administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfonos 881 99 91 64
ou 981 95 77 84

Unidades de Igualdade da Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

Unidade de Igualdade da CORUÑA

R/ Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña
Teléfono: 881 88 12 54

Unidade de Igualdade de LUGO

Ronda da Muralla, 70 -
27071 Lugo Teléfono:
982 29 43 55

Unidade de Igualdade de OURENSE

Avda. da Habana, 79
32071 Ourense
Teléfono: 988 38 67 99

Unidade de Igualdade de VIGO

R/ Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
Teléfono: 986 81 76 58

5.5 AXUDAS ECONÓMICAS A ORFOS E ORFAS MENORES DE 30 ANOS

Descrición:

Axudas económicas a orfos/as da violencia de xénero. O obxectivo desta liña de axuda é proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida a menores de 30 anos cuxa nai foi asasinada por violencia de xénero. Importe de 7.000 euros (nun único pagamento).

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 545 361 ou 981 957 268.
Ver bases reguladoras e convocatoria anual

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/indemnizacion-economica-para-fillas-e-fillos-menores-de-30-anos-de-vitimas-mortais-por-0>

Secretaría xeral da Igualdade

Edificio administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfonos 881 99 91 64
ou 981 95 77 84

Unidades de Igualdade da Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

Unidade de Igualdade da CORUÑA

R/ Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña
Teléfono: 881 88 12 54

Unidade de Igualdade de LUGO

Ronda da Muralla, 70 -
27071 Lugo Teléfono:
982 29 43 55

Unidade de Igualdade de OURENSE

Avda. da Habana, 79
32071 Ourense
Teléfono: 988 38 67 99

Unidade de Igualdade de VIGO

R/ Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
Teléfono: 986 81 76 58

5.6 RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

Descrición:

É unha prestación pública da Xunta de Galicia destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. Os trámites para a concesión da Risga terán carácter de urxencia cando se reflicta no informe de valoración social que a persoa solicitante é vítima de violencia de xénero, debidamente acreditada.

Lei 10/2013, de 27 de novembro de inclusión social de Galicia.

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 54 74 40 , 981 54 54 66, 981 54 18 69

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/inclusion-social/axudas-e-prestacions/renda-de-inclusion-social-de-galicia-risga>

5.7 EXENCIÓN NAS TAXAS DE MATRÍCULA UNIVERSITARIA

Descrición:

As mulleres vítimas de violencia xénero, así como os seus fillos e fillas, teñen dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos en calquera das universidades de Galicia.

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 54 54 46 e 981 54 44 30

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20190711_prezos.pdf

5.8 GRATUIDADE NOS COMEDORES ESCOLARES

Descrición:

Os membros de familias afectadas por violencia de xénero teñen dereito á gratuidade dos comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Información e acceso:

Nos teléfonos 881 99 51 88 e 981 54 54 80

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/10308>

6. OUTRAS AXUDAS ECONÓMICAS

6.1 RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO (RAI)

Descrición

É unha axuda económica estatal que se lles recoñece ás mulleres vítimas de violencia de xénero que estean desempregadas. A contía da renda activa de inserción é do 80% do IPREM mensual vixente en cada momento. Ademais, inclúe unha axuda suplementaria de pagamento único se a muller se viu obrigada a cambiar de residencia polas súas circunstancias de violencia de xénero nos 12 meses anteriores á solicitude de admisión ao programa ou durante a súa permanencia neste, de contía equivalente ao importe de tres meses da renda activa de inserción.

Información e acceso:

Na oficina de emprego correspondente (Servizo Público de Emprego Estatal)



REDES
CUBRINDO
GALICIA
Actuando | Implicando | Apoiando

6.2 ANTICIPOS POR NON PAGAMENTO DE PENSIÓNS ALIMENTICIAS

Descrición

A través do Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos garántese o pagamento de alimentos recoñecidos e non pagados, establecidos en convenio xudicialmente aprobado ou en resolución xudicial en procesos de separación, divorcio, declaración de nulidade do matrimonio, filiación ou alimentos.

As persoas beneficiarias dos anticipos son, con carácter xeral, os fillos e fillas titulares dun dereito de alimentos xudicialmente recoñecido e non pagado, que formen parte dunha unidade familiar cuxos recursos e ingresos económicos, computados anualmente e por todos os seus conceptos, non superen a cantidade resultante de multiplicar a contía anual do IPREM vixente no momento da solicitude do anticipo polo coeficiente que corresponda en función do número de fillos/fillas menores que integren a unidade familiar. As persoas beneficiarias teñen dereito ao anticipo da cantidade mensual determinada xudicialmente en concepto de pagamento de alimentos, co límite de 100 euros mensuais, que se poderá percibir durante un prazo máximo de dezaioito meses.

Información e acceso:

Unidades de Clases Pasivas das Delegacións de Facenda e Administracións Públicas:

A CORUÑA

C/ Comandante Fontanes, 10
981 161 372

FERROL

C/ As Telleiras s/n
981 369 384

LUGO

Rúa do Teatro, 4
982 284 652

OURENSE

C/ Santo Domingo, 25
988 392 288

PONTEVEDRA

Av. Maria Victoria Moreno, 45
986 86986 213 908

6.3 AXUDAS ÁS VÍTIMAS DE DELITOS VIOLENTOS E CONTRA A LIBERDADE SEXUAL

Descrición:

Trátase de axudas públicas en beneficio das vítimas directas e indirectas dos delitos dolosos e violentos cometidos en España, co resultado de morte, ou de lesións corporais graves, ou de danos graves na saúde física ou mental; así como en beneficio das vítimas dos delitos contra a liberdade sexual aínda que se perpetren sen violencia. As mulleres vítimas de violencia de xénero poden ser beneficiarias destas axudas posto que son vítimas dun delito. Tamén poden ser beneficiarias destas axudas os fillos e fillas da muller falecida. O prazo para solicitar estas axudas é dun ano, contado dende a data en que se produciu o feito delitivo. Non obstante, o devandito prazo interrómpeuse co inicio do proceso penal e ábrese de novo dende que recaia a resolución xudicial firme, e o importe varía segundo o tipo de danos sufridos e da situación económica da vítima.

Lei 35/1995, do 11 de decembro, de Axudas e Asistencia ás Vítimas de Delitos Violentos e contra a Liberdade Sexual.

Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual (Decreto 738/1997, do 23 de maio).

Información e acceso:

Delegacións do Ministerio de Facenda en Galicia

A CORUÑA

C/ Comandante Fontanes, 10
981 161 372

FERROL

C/ As Telleiras s/n
981 369 384

LUGO

Rúa do Teatro, 4
982 284 652

OURENSE

C/ Santo Domingo, 25
988 392 288

PONTEVEDRA

Av. Maria Victoria Moreno, 45
986 868 407

VIGO

C/ Lalín, 2
986 213 908

<https://www.clasespasivas.sepg.pap.hacienda.gob.es/sitios/clasespasivas/gl-ES/PensionesPrestaciones/victimasdeltitos/paginas/clasesdeayudas.aspx>

7. RECURSOS DE APOIO E INSERCIÓN LABORAL

7.1 PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición

Programa de axudas ás entidades locais galegas para o fomento da contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero por parte da propia entidade local con contratos de entre 4 e 12 meses en traballos de interese xeral no concello beneficiario das axudas. A Secretaria Xeral de Igualdade financia o 100% dos custos salariais e de seguridade social da contratación das mulleres.

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 54 53 61 ou 981 95 72 68
Ver bases reguladoras e convocatoria anual

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/segunda-convocatoria-para-o-ano-2019-en-rexime-de-concurrencia-non-competitiva-de-subsvencions>

7.2 PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición

Programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa finalidade é apoiar a estas mulleres na súa integración ou reintegración no mercado laboral. As actuacións que se desenvolven son:

- 1- Itinerario de inserción
- 2.- Formación para o emprego
- 3.- Actuacións de apoio á conciliación

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 95 76 13 ou 981 95 77 84
Ver bases reguladoras e convocatoria anual

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/subvencions-entidades-de-iniciativa-social-sen-animo-de-lucro-para-programas-dirixidos-2>

7.3 PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Programa que financia accións de fomento de emprego, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas, para a realización de servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral. Inclúe un incentivo á mobilidade xeográfica, de 180 € mensuais e lévanse a cabo en colaboración coas entidades locais e con entidades privadas sen ánimo de lucro con centros de traballo en Galicia.

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 54 46 66 e 981 54 46 91

ver bases reguladoras e convocatoria anual

https://ceei.xunta.gal/recursos/axudas-e-subvencions/secretaria-xeral-de-emprego?content=iniciativa_0033.html

7.4 SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

Descrición:

O Servizo Público de Emprego de Galicia ten establecido un protocolo de actuación para o tratamento das mulleres vítimas de violencia de xénero, de maneira que unha muller nesa situación pode rexistrar a súa condición na aplicación do Servizo Público de Emprego de Galicia (oficinas de emprego), así como indicar se desexa que os seus datos sexan tratados ou non como confidenciais. A confidencialidade tradúcese en que unicamente o persoal da oficina de emprego con perfil de “titor/a” ou “coordinador/a” estatal, poden visualizar e xestionar eses datos.

En cada unha das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia hai, polo menos, unha persoa titora das vítimas, para garantir a confidencialidade dos datos das mulleres vítimas que así o demanden.

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 54 56 75 e 981 54 46 83

8. RECURSOS DE PROTECCION E SEGURIDADE

8.1 SERVIZO ATENPRO

Descrición

Trátase dun servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO), a través dun dispositivo electrónico. Dependente do Ministerio de Igualdade, tramítase a través dos servizos sociais municipais segundo o domicilio da usuaria. Ofrece seguridade e protección as 24h e 365 días do ano a través de medios telemáticos.

Información e acceso:

Teléfono ATENPRO **900 22 22 92**

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/gl/informacionUtil/recursos/servicioTecnico/home.htm>

8.2 FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO

Descrición

Tanto Policía Nacional como Garda Civil e Policía Autónoma contan con Unidades especializadas en violencia de xénero.

Información e acceso:

Comisarías da Policía Nacional, da policía autónoma e postos da Garda Civil.
Teléfono 112 Emerxencias



9. RECURSOS NO ÁMBITO XUDICIAL

9.1 OFICINAS DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA E ÁS VÍTIMAS- OAVD

Descrición

A través das OFICINAS DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA E ÁS VÍTIMAS- (OAVD), ofrécese información e asesoramento en materia de violencia de xénero. Comprenden, entre outras funcións, apoio emocional en situación de crise, información sobre recursos existentes, orientación e derivación cara a recursos especializados. Estas oficinas configúranse como unha unidade especializada, e son un servizo público presente nos xulgados das 7 cidades galegas, cuxa finalidade é prestar asistencia e/ou atención coordinada para dar resposta as vítimas nos ámbitos: xurídicos, psicolóxico e social.

Información e acceso:

As OAVD da Comunidade Autónoma de Galicia sitúanse nos servizos comúns de atención á cidadanía e asistencia á vítima, dependentes dos decanatos das 7 cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ferrol, Santiago, Ourense, Pontevedra y Vigo

-**En Santiago de Compostela:**3ª planta dos Xulgados de Santiago de Compostela. Rúa de Viena s/n. Teléfono: 881 997 146. Correo electrónico: atencion.vitimas.santiago@xustiza.gal.

- **Na Coruña:** planta baixa dos Xulgados de A Coruña. Rúa Monforte s/n. Teléfono:881 881 778. Correo electrónico: cidadan.vitimas.coruna@xustiza.gal.

-**En Ferrol:** 1ª planta dos Xulgados de Ferrol. Rúa Coruña nº 55. Teléfono: 981 337 520. Correo electrónico: atencion.vitimas.ferrol@xustiza.gal

-**En Lugo:** planta baixa dos Xulgados de Lugo. Praza de Avilés s/n. Teléfono: 982 889 530. Correo electrónico: atencion.vitimas.lugo@xustiza.gal.

-**En Ourense:** 5ª planta dos Xulgados de Ourense. Rúa Velázquez s/n. Teléfono: 988 687 664. Correo electrónico: atencion.vitimas.ourense@xustiza.gal.

-**En Pontevedra:** 4ª planta dos Xulgados de Pontevedra. Rúa Tomás y Valiente s/telefono: 986 805 790. Correo electrónico: atencion.vitimas.pontevedra@xustiza.gal.

-**En Vigo:** 4ª Planta dos Xulgados de Vigo. Rúa Lalín nº 4, edificio novo. Teléfono:886 218 438. Correo electrónico: atencion.vitimas.vigo@xustiza.gal

9.2 ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

Descrición:

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a asistencia xurídica gratuíta con independencia da existencia ou non de recursos económicos. Esta asistencia prestaráselle de inmediato, naqueles procesos e procedementos administrativos que teñan vinculación coa súa condición de vítimas. Este dereito asiste tamén aos causahabientes en caso de falecemento da vítima, sempre que no fosen partícipes nos feitos.

Información e acceso:

A través do Servizo de Orientación Xurídica (SOX) dos Colexios de Avogados/as (quenda de garda permanente e especializada en violencia de xénero).

<https://www.xustiza.gal/servizos-de-orientacion-xuridica-sox>

SOX Colexio de Avogados/as da Coruña

Federico Tapia, 11 baixo
A Coruña
Telf.: 981 12 60 90

SOX Colexio de Avogados/as de Santiago de Compostela

R/ Eduardo Pondal nº 4 (baixo)
Santiago de Compostela
Telf.: 981 58 17 13

SOX Colexio de Avogados/as de Ferrol

Pazo de Xustiza. R/ Coruña s/n (baixo-dta.)
Ferrol
Telf.: 981 35 47 05

SOX Colexio de Avogados/as de Lugo

Pazo de Xustiza. Avenida Rodríguez Mourelas s/n
Lugo
Telf.: 982 22 19 97

SOX Colexio de Avogados/as de Ourense

R/ Concejo nº 22
32003 Ourense
Telf.: 988 37 07 46

SOX Colexio de Avogados/as de Pontevedra

Avenida Reina Victoria, 9
Pontevedra
Telf.: 986 89 98 66

SOX Colexio de Avogados/as de Vigo

Edificio Plaza de América nº 2 - 1º
Vigo
Telf.: 986 20 81 11

9.3 PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR

Descrición:

Os puntos de encontro familiar facilitan e preservan a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procuran a seguridade e o benestar das menores e dos menores, favorecen a relación coas súas familias e facilitan o cumprimento do réxime de visitas.

Información e acceso:

Nos teléfonos 881 99 54 37 e 981 54 46 55

<https://politicasocial.xunta.gal/gl/temas/familia-e-infancia/puntos-de-encontro-familiar>

9.4 COMPARECENCIA DA XUNTA DE GALICIA NOS PROCEDEMENTOS PENAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Dende o ano 2013, a Xunta de Galicia a través do letrados e letradas da Administración autonómica, e sempre que a familia da vítima outorgue o seu consentimento, comparece como acción popular nos procedemento penais iniciados en Galicia por causa de crimes de violencia de xénero.

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 54 56 75 e 981 54 46 83

10. RECURSOS PARA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL



10.1 PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL

Descrición

Trátase de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de apoiar a súa recuperación e integración social e laboral. A través da colaboración con ONG especializadas desenvólvense accións de:

- Asesoramento social e apoio directo para a realización de trámites administrativos de diversa índole
- Atención psicolóxica
- Asesoramento xurídico
- Orientación e asesoramento laboral
- Atención e asesoramento en traballo de rúa

Información e acceso:

Nos teléfonos 981 545 373 ou 981 957 784
ver bases reguladoras e convocatoria anual

<http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas/axudas-para-atencion-integral-de-persoas-en-situacion-de-explotacion-sexual-ou-vitimas-de-1>

10.2 VIVENDAS DE SEGURIDADE PARA VÍTIMAS DE TRATA

Descrición

Vivendas de seguridade para vítimas de explotación sexual e trata: destinadas a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo para a súa recuperación integral. (Convenio de colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade con entidades sen ánimo de lucro).

Información e acceso:

Nos teléfonos 88199 52 85 ou 981 95 77 84

11. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

11.1 PROTOCOLO DE ACCESO Á REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición

Ten por obxecto establecer os procedementos que seguir para as mulleres que sofren violencia de xénero e dos seus fillos e fillas, e outras persoas delas dependentes.

Información e acceso:

Rede Galega de Acollemento para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Teléfonos 673 282 392 e 900 400 273

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/rede-galega-de-acollemento>

11.2 PROTOCOLO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Descrición

Documento de referencia que facilita a configuración dun sistema articulado, homoxéneo e flexible para permitir aos axentes chave que interveñen no proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero adaptar os procedementos, identificar mello-ras, concretar os procesos estandarizados.

Información e acceso:

Secretaría Xeral de Igualdade Telf: 981 957 691 ou 981 545 351

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/protocolo-de-coordinacion-e-cooperacion-institucional-fron-te-violencia-de-xenero-na>

11.3 PROTOCOLO COMÚN PARA A ACTUACIÓN SANITARIA ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Guía que ten por obxecto proporcionar ás profesionais e aos profesionais da saúde unhas pautas homoxéneas de actuación, nos casos de violencia de xénero, tanto na atención, o seguimento como na prevención e diagnóstico temperán.

O obxectivo xeral deste protocolo é establecer unha pauta de actuación normalizada e homoxénea para o Sistema Nacional de Saúde (SNS), tanto para a detección precoz como para a valoración e actuación ante os casos detectados e o seguimento deles.

https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/procedemento_definitivo_para_imprimir.pdf

Información e acceso:

Servizo Galego de Saúde. 881 54 02 81 e 881 54 02 85

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/profesionales/Investigacion/sanitario/docs/PSanitario-VG2012.pdf>

11.4 PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP): REDE DE ENTIDADES LOCAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Protocolo que ten como obxectivo establecer unha rede de entidades locais contra a violencia de xénero. Configúrase como instrumento que permite conseguir o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando a poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real respecto desta lacra.

Información e acceso:

Secretaría Xeral de Igualdade Telf: 981 957 691
981 54 53 51

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/protocolo-de-colaboracion-entre-secretaria-xeral-da-igualdade-e-fegamp>

11.5 PROTOCOLO DE DERIVACIÓN ENTRE AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PARA A COORDINACIÓN DAS SÚAS REDES DE CENTROS DE ACOLLIDA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E DOS SEUS FILLOS E FILLAS

Descrición:

O obxectivo deste protocolo é mellorar a coordinación das redes dos recursos de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero, e os seus fillos e fillas, na totalidade do territorio nacional.

Información e acceso:

Secretaría Xeral de Igualdade Telf: 981 95 77 84

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/protocolo_de_derivacion_centros_acollida_gl.pdf

11.6 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO ÁS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL DE XÉNERO

Descrición:

O seu obxecto é aplicar medidas destinadas a previr a trata de mulleres para a explotación sexual e asistir as súas vítimas.

Información e acceso:

Secretaría Xeral de Igualdade. Telf: 981 95 77 84

<http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/protocolofiscalia2012asinadook.pdf>

11.7 GUÍA DE ACTUACIÓN COORDINADA CONTRA O MALTRATO DE PERSOAS MAIORES OU CON DISCAPACIDADE:

Descrición:

Protocolo creado para coordinar a actuación dos servizos xudiciais, sanitarios, sociais e de igualdade nos supostos de maltrato a persoas maiores ou en situación de especial vulnerabilidade.

Información e acceso:

981 54 00 76 e 981 54 29 06

<https://politicassocial.xunta.gal/es/recursos/publicaciones/guia-de-actuacion-coordinada-contr-a-maltrato-de-persoas-maiores-ou-con>

11.8 GUÍA DE ACTUACIÓN ANTE CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO EDUCATIVO

Descrición:

Guía que inclúe unha serie de orientacións básicas para axudar a detectar supostos de violencia de xénero, tanto no centro educativo como no ámbito familiar do alumnado, así como a saber que se debe facer ou como actuar desde o momento en que se perciben os primeiros indicios. Prevé supostos ou situacións que poderían darse e que requiren diferentes pautas de intervención. Especificanse ademais os sinais de alarma que poden axudar á detección de cada un destes supostos, así como a maneira de abordalos e de intervir de forma adecuada e eficaz.

A Guía incorpora unha serie de fichas que permitirán rexistrar a información de cada caso, para a súa remisión aos servizos ou instancias que teñan competencia na súa resolución na busca dunha mellor coordinación institucional entre a administración educativa, sanitaria, sociocomunitaria, policial e xudicial.

Información e acceso:

Secretaría Xeral de Igualdade
ou Consellería de Educación, Universidade e
Formación Profesional:
Telf: 981 95 76 99 881 99 75 98

11.9 PUNTO DE COORDINACIÓN DE ORDES DE PROTECCIÓN (PCOP)

Descrición:

Seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero ditadas polos xulgados galegos.

Información e acceso:

Secretaría Xeral de Igualdade Telf: 981 95 74 82 e
981 54 53 67

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/punto-de-coordinacion-das-ordes-de-proteccion>

**#Redes
cubriendo
Galicia**

